

## VI. ANUNCIOS

### B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE VIGO

*ANUNCIO do inicio do prazo de presentación de solicitudes para os procesos selectivos das ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (3ª fase da convocatoria).*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra, do 20 de setembro de 2022, publicáronse as bases específicas das prazas de economista, técnica/o superior de arquivos, diplomada/o en traballo social, enxeñeira/o técnica/o, enxeñeira/o técnica/o forestal, técnica/o media/o de sistemas, administrativa/o da Administración xeral, capataz de limpeza, encargada/o de servizo de cemiterios, inspectora/inspector de control de concesionarias, inspectora/inspector de ambiente, inspectora/inspector de obras, servizos e infraestruturas, inspectora/inspector de seguridade e mobilidade, programadora/programador informática, auxiliar da Administración xeral, auxiliar de biblioteca, inspectora/inspector auxiliar de servizos, oficial de oficios, axudante de oficios, operadora/operador informática, subalterna/o e mestra/e de formación de pintura, incluídas nesta 3ª fase da convocatoria.

As bases xerais dos procesos selectivos derivados da execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 publicáronse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra do 7 de xullo de 2020.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*, para persoal funcionario, sexa pola quenda libre ou por promoción interna, e laboral pola quenda libre, e anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra para persoal laboral pola quenda de promoción interna.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias únicamente se publicarán no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Corporación, además de na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 21 de setembro de 2022

O alcalde

P.D. (Decreto de Alcaldía do 16.4.2021, acordos da Xunta de Goberno Local do 22.4.2021 e do 8.9.2022, e Resolución de Alcaldía do 6.9.2022)

Patricia Rodríguez Calviño

Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal

